

# **Organscape**

## **Variacións para o Rei-Lúa /**

### **Organismo I**

**Xoán-Xil López**, creación sonora e composición

**Andrés Cea**, órgano

Mércores 26 de agosto, 20.30 h, igrexa da Universidade

## **Organiza**

Concellaría de Acción Cultural do Concello de Santiago

## **Dirección artística**

Belén Bermejo López

## **Redacción**

Andrés Díaz Pazos, Carlos Penela Martín e Belén Bermejo López

## **Coordinación e deseño**

Sirgo Torcendo

## **Producción técnica**

Goyplasón S.L.

## **Agradecementos**

\_Carlos Carrasco Guerrero, párroco da igrexa de San Miguel dos Agros

\_Santiago Ferreiro Fernández, párroco da igrexa das Ánimas

\_Jaime López Ramón, párroco da igrexa de San Miguel dos Agros

\_Comunidade de beneditinas de San Paio de Antealtares

\_Arquidiocese de Santiago de Compostela

\_Todas aquelas persoas e establecementos de Compostela que, coa súa colaboración, fixeron posible este proxecto

Esta proposta nace da idea da mímese musical da paisaxe sonora, ámbito este último no que se sitúa boa parte do traballo creativo de Xoán-Xil López. Partindo da investigación relativa aos rexistros especiais que atopamos nalgúns órganos, principalmente durante o Barroco, que imitan sons paramusicais como o dos paxaros, este traballo afonda na idea da representación da nosa contorna audible a través dunha serie de pezas escritas para este instrumento, que dialogan con outras de similar carácter do repertorio histórico, e cunha instalación sonora.

O ciclo, subtulado *Variacións para o Rei-Lúa*, está inspirado no texto do mesmo título e incluído na obra *O poeta asasinado* do escritor francés Guillaume Apollinaire. Nel, o autor recrea o seu encontro imaxinado con Luís II de Baviera quen, recluído nunha cova, acciona o teclado dun peculiar órgano para reproducir os sons de diferentes partes do mundo: "o asubío dos géyseres cando brotan as augas ferventes [...], terribles ruídos da rúa, tranvías, fábricas [...], uns elefantes braman. A unha da noite! É a India! Logo, o Tíbet. Escóitase como repican as campaiñas sacerdotais [...] Dum, dum, bum, dum, dum, bum, bum, dum, dum, bum, é Pequín, os gongs e os tambores de ronda, os innumerables cans que berran ou ouvean mesturando as súas voces co son lúgubre das rondas. Rebenta o canto dun galo e anuncia a alba".

Partindo dunha serie de gravacións de campo, propias e alleas, realizadas en diferentes localizacións xeográficas, componse un ciclo de obras breves mediante procesos de análise e síntese, adaptando esta realidade ás peculiaridades do repertorio organístico.

Nesta faceta non se trata tanto de imitar fielmente o son-fonte utilizado, senón máis de esbozar algúns dos elementos acústicos do material evocado (o vento, o son das campás, un enxame, etc...), aínda que non necesariamente recoñecible, situándonos entre a utopía e a distopía que supoñen os intentos do ser humano por emular os procesos da natureza. Neste sentido, o órgano é tratado, máis que como un instrumento musical, como o que en arte sonora se denominaría unha instalación *site-specific*. Desde esta óptica, o órgano podería considerarse como un dos primeiros exemplos nos que un dispositi-

vo sonoro ocupa un lugar fixo, sendo deseñado para adaptarse ás calidades acústicas dun espazo específico no que resoa e que, a súa vez, fai resoar.

Ao mesmo tempo, continuando con esta perspectiva contemporánea, partilla outros aspectos co ámbito da creación sonora actual: a súa natureza acusmática ao permanecer semioculto, unha característica asociada frecuentemente coa música electroacústica, e o deseño dos sons mediante un proceso de superposición de diferentes rexistros que nos remite ao deseño sonoro da síntese aditiva actual.

A colección de pezas para órgano vai acompañada por unha instalación sonora, *Organismos I*, que funciona como contrapunto, sendo unha sorte de autómatas que trata de emular, de xeito xenerativo, certos sons naturais mediante o uso de elementos acústicos accionados polo ar dun fol.

*Xoán-Xil López*

*The Bells*, de William Byrd, é unha obra construída en forma de variacións sobre un baixo *obstinato* de só dúas notas (Do e Re), e está claramente inspirada na sonoridade e efecto dun solemne e longo repique de campás.

O *Capriccio sopra il Cucho*, de Frescobaldi, artículase como unha típica composición imitativa multiseccional, pero cun *obligato* na voz de soprano, que imita o canto desta ave (a terceira menor descendente Re-Si). Esta fórmula aparece un total de oitenta veces, destacando sobre o resto, e máis de sesenta camuflada dentro da trama contrapuntística das outras tres voces.

A sonata para violín e baixo de José Herrando preséntase aquí nun arranxo para teclado. Trátase dun excepcional exemplo de descritivismo do natural na música española do século XVIII. O propio autor sinala algúns dos elementos sonoros que reclaman a nosa atención nese paseo polos xardíns de Aranjuez, pero deixa outros moitos sen sinalar, estimulando a nosa imaxinación sonora.

A batalla é un xénero musical coñecido desde comezos do século XVI que en España e Portugal iría evolucionando a fins do século XVII cara á plasmación de verdadeiros efectos descritivos da guerra grazas, especialmente, ao desenvolvemento das baterías de trompetas horizontais dispostas como canóns dun buque.

*Andrés Cea Galán*

# Programa

*Organscape I*

Xoán Xil-López (1972)

*The Bells*

William Byrd (1562-1628)

*Organscape II*

Xoán Xil-López

*Capriccio sopra il Cucho*

Girolamo Frescobaldi  
(1583-1643)

*Organscape III*

Xoán Xil-López

*El jardín de Aranjuez en tiempo de  
de Primavera, con diversos cantos de  
páxaros y otros animales*

José Herrando (1720-1763)

Allegro (canario, cuco, rousinol, augas, árbores)

Andante

Allegro moderato (paspallás, pombo, tempestade)

*Organscape IV*

Xoán Xil-López

*Batalha de sexto tom*

Pedro de Araujo (ca.  
1640-1715)

**Xoán-Xil López** é artista sonoro e investigador e o seu traballo xira en torno á práctica fonográfica (gravación de campo) e á experimentación sonora adquirindo a forma de instalacións, situacións inmersivas de escoita, composicións, *performances* e textos. Estudou musicoloxía e doutorouse en Belas Artes cunha tese co título *Señal/Ruido. Algunos usos del paisaje sonoro en el contexto del arte*, centrada na utilización dos sons ambientais na creación contemporánea. Forma parte dos proxectos Mediateletipos (arte sonoro), Ulobit (improvisación) e Voltage Opposites (danza), e colabora con diferentes formacións como o conxunto de música contemporánea Vertixe Sonora, a compañía Gigacircus ou o proxecto de música electrónica Haarvöl, con quen editou o traballo *Unwritten Rules for a Ceaseless Journey*, co selo Crónica Electrónica.

É cofundador de Escoitar.org, un colectivo interdisciplinario dedicado ao estudo da paisaxe sonora e a auralidade (dimensión cultural da escoita), que estivo activo entre 2006 e 2016. Entre os traballos realizados neses anos destacan as instalacións *Air, sound and power* (ZKM, Karlsruhe), *El Angel* (ARTE SONoro. La Casa Encendida, Madrid), *Continent Rouge* (Mai Numérique, Carcassone), en colaboración con Gigacircus, e *White Walk* (Gateways. KUMU art museum, Tallin), as tres últimas deseñadas con noTours, unha plataforma de xeolocalización sonora desenvolvida polo propio colectivo. Impartiu obradoiros, seminarios e conferencias sobre arte sonora e gravación de campo en institucións como o Art|Sci da UCLA, o Centre de Recherche sur l'Espace Sonore et l'environnement urbain (CRESSON, Grenoble), o Instituto Europeo di Design (IED), a Universidade de Atenas, a Universidade de Porto ou a Carlos III e en centros de arte como o Museum of Contemporary Art ZKM (Karlsruhe), CCMEX (México), LABoral (Gijón), La Térmica (Málaga), Matadero (Madrid), ARTIUM (Vitoria), Medialab Prado (Madrid) ou o CGAC (Santiago de Compostela). Comisariou o ciclo de conferencias e obradoiros *Alrededor del Sonido* e a exposición *Diafonías. 6 Instalaciones Sonoras + 1*, o encontro sobre paisaxe sonora, *Cartografías de la Escucha. Sonido y lugar*, e o ciclo de cine *Audivisiones*. Desde 2014 co-dirixe o festival de arte sonora e música contemporánea *Sons Creativos* da Universidade de Santiago de Compostela (USC). Participou na redacción/coordinación de contidos para a

publicación sobre arte sonora en España, MASE, para o Encontro Internacional de Creación Sensxperiment ou para o proxecto europeo de investigación sobre memoria e escoita European Acoustic Heritage (EAH) e colaborou coa Radio do Museo de Arte Reina Sofía (MNCARS). É coautor de *Abellón. O libro negro das zoadeiras*.

**Andrés Cea Galán** reparte a súa actividade profesional entre a interpretación, a investigación musicolóxica e a docencia. Formouse en España, Francia e Suíza, e é doutor pola Universidade Complutense de Madrid. As súas numerosas publicacións céntranse, especialmente, en aspectos da interpretación da música para teclado e da historia e estética do órgano no ámbito hispano. A súa visión sempre renovada do repertorio serviulle para ser, con frecuencia, convidado como concertista, profesor e conferenciante por festivais e institucións académicas de toda Europa, Sudamérica, México e Xapón. Realizou diversas gravacións discográficas distinguidas pola crítica especializada. Traballa tamén habitualmente como asesor en proxectos de restauración de órganos para diversos organismos oficiais. É profesor de harmonía e análise no Conservatorio Profesional de Música Cristóbal de Morales de Sevilla, académico correspondente da Real Academia de Ciencias, Artes y Buenas Letras Luis Vélez de Guevara e presidente do Instituto do Órgano Hispano.



## O órgano

A presenza do órgano na igrexa da Universidade hai que trazala a partir da translación dos racioneiros da confraría do Sancti Spiritus ao templo, a consecuencia da expulsión dos xesuítas en 1767. Esta expulsión motivou a distribución dos seus bens mobles e inmobles entre diferentes institucións da cidade e que a igrexa pasase a ser atendida polos anteditos racioneiros. Estes racioneiros tiñan un papel destacado en diversas liturxias catedralicias, entre as que podemos citar o canto da *Salve á tarde*, "diante da imaxe da Virxe preñada", é dicir, a Virxe do O, daquela situada no antigo trascoro. Por este motivo, unha das calidades que tiñan que reunir era a de posuíren unha boa voz para participar co canto nestas liturxias que, de xeito ordinario, eran acompañadas polo órgano. Coa ocupación da igrexa polos racioneiros, hai constancia documental do uso dun "realexo" (un pequeno órgano portátil de 3 ou 4 rexistros) no templo, o cal indica que os xesuítas non a dotaran dun instrumento. Ao mesmo tempo, contábase co servizo dun organista estable. Con posterioridade, sobre o ano 1800, decídese construír un órgano de maior porte. O artífice elixido será o organeiro de orixe madrileña Manuel Sanz, que se formara como oficial no obradoiro do extraordinario organeiro real, Pedro Liborna Echevarría, que xa traballara en Galicia entre 1773 e 1778 na ampliación dos órganos da Catedral e, desde este último ano ata 1780, na construción dos órganos de Iria Flavia e da igrexa de Santiago de Padrón. A obra durou de novembro de 1800 ata abril de 1802 e tivo un custo total de 49.572 reais e 2 maravedís. Era esta unha suma elevada que viña supor, aproximadamente, o total das importantes rendas anuais que tiñan os racioneiros do Sancti Spiritus e, desde logo, moito máis do que dedicaban ás obras e mantemento da igrexa e aos seus empregados. Como detalles anecdóticos, diremos que o estaño da aliaxe dos tubos constituía un 10% aproximadamente do custo total da obra (4.250 reais), da mesma orde que o custo da caixa (4.730 reais, incluída a madeira), debida ao artesán local Agustín Trasmonte. O tamén artista local, Manuel do Porto, pintará a caixa por un total de 2.000 reais.

O órgano, cara ao ano 1850, atopábase xa algo deteriorado, como se pode constatar por un informe do organeiro da Catedral, Pedro Méndez de

Mernies, no que destaca a calidade do instrumento e cifra o seu arranxo e posta a punto en 1.000 reais. Coa desamortización e o paso da igrexa á Universidade é probable que, tanto o seu uso como os coidados necesarios para manter un instrumento destas características, decaesen. De feito, a fins do século pasado o órgano estaba inutilizado. A feliz intervención, en 1998, do obradoiro de organería de Gerhard Grenzing, baixo o soporte económico da Fundación Pedro Barrié de la Maza, con motivo do V Centenario da USC, permitiu recuperar esta alfaia da organería histórica galega.

*Andrés Díaz Pazos*



## Vindeiros concertos e actividades:

**Xoves 27 de agosto, 12.00 h,** igrexa da USC, EFERVESCENCIA

**Domingo 30 de agosto, 20.30 h,** igrexa de San Paio de Antealtares,  
Van Eyck Project

**Luns 31 de agosto, 19.30 h,** Vide Vide!, encontro con Guillermo Pérez (Tasto Solo)

**Martes 1 de setembro, 20.30 h,** igrexa de San Fiz de Solovio, Tasto Solo



COLABORAN:



GOBIERNO DE ESPAÑA

MINISTERIO DE CIENCIA E INNOVACIÓN



FUNDACIÓN ESPAÑOLA PARA LA CIENCIA Y LA TECNOLOGÍA



Museo do Pobo Galego



Silva de sonS

